



UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA

UNIVERSIDADE DE SANTIAGO
REGISTRO XERAL
19.XANOO 00234
SAIDA


O plano de estudos de Licenciado en Farmacia aprobado por resolución rectoral do 7 de xullo de 1994 (BOE do 4 de Agosto) establece que os alumnos deberán realizar 15 créditos troncais por Estancias, correspondentes ás prácticas tuteladas nunha oficina de farmacia ou servicios de farmacia hospitalaria. Para a súa realización deben someterse á convocatoria de prácticas tuteladas que realiza a Universidade cada curso académico. Asemade a Universidade, mediante acordo da Xunta de Goberno do 27 de febreiro de 1997, reconece ás prácticas en empresas organizadas polo Consello Social e que poden ser imputadas polos alumnos á libre configuración curricular en tódalas titulacións da Universidade. No caso dos alumnos da titulación de Farmacia estase producindo confusión con esta dualidade de prácticas polo que

Resolvo

UNICO: As prácticas que realicen os alumnos da titulación de Farmacia ó través do Consello Social **deberán ser de características distintas ás prácticas tuteladas**, polo que **non se reconecerán como créditos de libre elección as prácticas en empresas realizadas ó través do Consello Social en oficinas de Farmacia ou Servicios de Farmacia Hospitalaria.**

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2000

O RECTOR



Daria Villanueva Prieto

SR. VICERRECTOR DE ORDENACIÓN ACADEMICA E TITULACIÓNS, SR. SECRETARIO XERAL, SRA. DECANA DA FACULTADE DE FARMACIA, SRA. SECRETARIA DO CONSELLO SOCIAL, SR. XEFE DA ASESORÍA XURÍDICA, SRA. XEFE DO SERVICIO DE ALUMNADO, SR. DIRECTOR DO COIE, SR.XEFE DA UNIDADE DE XESTIÓN ACADEMICA DO CAMPUS SUR.